

Anexo I.2

REQUISITOS E BAREMO DOS PREMIOS DO DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2022

CATEGORÍA DE BOAS PRÁCTICAS

O Colexio de Traballo Social de Galicia co fin de facilitar a presentación das solicitudes do premio na categoría de boas prácticas, e a posterior baremación das mesmas, contempla os seguintes **requisitos**:

1. Temática e alcance:

O COTSG ten como obxectivo primordial incentivar a participación, recoñecer a labor profesional e colaborar na difusión de boas prácticas no eido da disciplina do traballo social, dos servizos sociais, e da intervención social, desenvolto na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Formato e presentación:

Os traballos deberán ser presentados segundo a seguinte estrutura:

- Portada:
 - Título en galego, castelán e inglés en Arial Narrow Negrita, 16 (conciso pero informativo). No título debe figurar o municipio/ámbito territorial onde se levou a cabo a boa práctica.
 - Persoa autora ou equipo.
 - Data de inicio e fin da experiencia.
 - No seu caso o nome da institución ou institucións implicadas.
- Resumo: en galego, castelán e inglés (entre 150 e 250 palabras). Neste apartado trátase de especificar de forma clara e sinxela o esencial da experiencia.
- Palabras clave: en galego, castelán e inglés (máximo 5 palabras).
- Desenvolvemento da experiencia de boa práctica:
 - Introducción/fundamentación na que conste a situación de partida.
 - Obxectivos.
 - Persoas destinatarias.
 - Metodoloxía.
 - Descrición: actuacións, intervencións claves e desenvolvemento das mesmas.
 - Coordinación e alianzas.
 - Promoción e difusión da práctica.
 - Participación das persoas destinatarias, da comunidade.
 - Resultados e impacto.
 - Aprendizaxes da experiencia (debilidades, fortalezas, oportunidades, ameazas, etc).
 - Conclusións (que incorporen unha valoración das posibilidades de replicabilidade en termos de medios e custes).
- Agradecementos (optativo).
- Referencias bibliográficas segundo a normativa APA (American Psychological Association).

As boas prácticas teñen que ser presentados en galego, en formato WORD, por unha soa cara, corpo de letra 12, tipo Arial Narrow, e interliñado 1,5. As follas numeraranse de forma correlativa no ángulo superior dereito.

Deberase ter en conta o uso da linguaxe de xénero na redacción dos traballos.

As notas a pé de páxina terán letra tipo Arial Narrow, tamaño 10 e interliñado simple.

As táboas e figuras terán que intercalarse no traballo (orientación de máximo 4 figuras e 6 táboas) e ser presentadas coa súa numeración, título e fonte de procedencia de datos, segundo normativa APA.

As referencias bibliográficas do traballo presentaranse ao final do mesmo, por orde alfabética, segundo as normas APA.

A extensión mínima do traballo será de 15 páxinas e máximo de 30, incluídas as referencias bibliográficas.

Deberase garantir o anonimato no documento da boa práctica presentada, non podendo figurar datos relativos a persoa ou persoas autoras, e de ser o caso, da entidade.

3. Ética e deontoloxía profesional

Os traballos deben ser de carácter orixinal, figurando como persoa ou persoas autoras aquelas que contribúan ao desenvolvemento do traballo e a redacción do documento de presentación da boa práctica.

Todos os datos que figuren no artigo deben respetar a confidencialidade e o segredo profesional das persoas que participaron na investigación, consonte ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR).

4. Documentación necesaria

- Solicitud (Anexo II).
- Informe de boa práctica segundo a estrutura que figura no Anexo III.2. Non poderán figurar datos de carácter identificativo da persoa ou persoas autoras, e de ser o caso, da entidade.
- Declaración xurada na que se faga constar a orixinalidade da boa práctica e o compromiso de publicación na Revista Galega de Traballo Social “Fervenzas” (Anexo II).
- No seu caso, relación das persoas que integran o equipo de traballo. (Anexo IV).

BAREMO

A puntuación máxima a acadar será de 100 puntos, cun total de 10 criterios de avaliación, puntuados de 0 a 10.

A comisión encargada de proceder a baremación na categoría de boas prácticas estará formada por tres persoas, nomeadas entre os colexiados/as con contrastada experiencia no desempeño profesional.

Cada unha das persoas que forma parte da comisión, valorará de forma individual as experiencias de boas prácticas. Posteriormente, calcularase se a media, para obter a puntuación final. No caso de que a comisión o estime, valorarán o feito de reunirse conxuntamente, para derimir sobre o proceso de concesión dos premios. En caso de empate, poderá ser repartido entre as persoas que obtiveran a mesma puntuación.

Criterios Xerais	Criterios específicos	Puntuación 1 ao 10
1.- Formato, presentación e estilo de comunicación	Adecuación aos requisitos do punto nº 2 de formato e presentación.	
2.- Impacto	Demostrar as consecuencias positivas para as persoas, para a cidadanía, institucións e a sociedade en xeral.	
3.- Eficiencia e sostenibilidade	Reflectir cambios duradeiros relacionados coa sostenibilidade económica, a xestión eficiente, transparente e responsable, medios adecuados ás condicións locais, etc.	
4.- Coordinación e alianzas	Demostrar a existencia de coordinación interna e externa, valorando positivamente as alianzas realizadas para o desenvolvemento da experiencia.	
5.- Participación e fortalecemento da comunidade	Valorarase de forma moi positiva a participación, o intercambio de experiencias das persoas destinatarias, da comunidade, das asociacións, etc.	
6.- Replicabilidade	Posibilidade de intercambio, transferencia, aplicabilidade da boa práctica.	
7.- Coherencia entre obxectivos e resultados	Valorarse o grado de adecuación entre os obxectivos de partida e os resultados acadados, o uso de indicadores de avaliación, etc.	
8.- Creatividade e Innovación	Valorarase en todo o proceso da experiencia de boa práctica o valor engadido que chega, pola súa orixinalidade, polo uso de ferramentas e técnicas novidosas, uso de tecnoloxías, etc.	
9.- Integralidade	Que sexa parte dun proceso máis amplo, integrado dentro doutros plans, programas, iniciativas, etc.	
10.- Aprendizaxes e vontade de cambio	Reflexións do proceso, superación das limitacións, apostar polo cambio, pola mellora, novas iniciativas que xurden tras esta práctica, etc.	